



**José Antonio Gómez**  
Secretario Xeral UGT-Galicia

«A andaina debe confluír cara a un trinomio»

«A andaina debe confluír cara a un trinomio emprego de calidade para todos, a recuperación do estado de benestar e garantir a protección social e servizos públicos. E preciso reforzar empúrsar a cohesión social e económica entre os lugares da nosa comunidade e a mellora das condicións de vida e traballo dos galogos e galogos que nestes últimos anos sufriron a crise e os recortes».



**Pablo Dapena**  
Triatleta

«Hai moito que mellorar a nivel de infraestruturas»

«Hai moito que mellorar a nivel de infraestruturas, aínda falta moito. Tamén son necesarias becas para poder adestrar como a nós nos gustaría. Vas por ahí e é unha maravilla, sobre todo en Alemaña, que é todo moi moderno. O final se trata de crear a deportistas de gran nivel na terra pero facemos o que podemos. E a nivel de axudas hai moito que mellorar».



**Jorge Coira**  
Director de cine

«Unha política audiovisual máis integral»

«Creo que aínda temos moita mánie de mellora para facer unha política audiovisual máis integral na que se poidan poñer en xogo as diferentes vías de produción e dos tipos de obras. Por outra parte, boto de menos que haxa un percorrido estruturado respecto a todo o megalitismo. Temos unha riqueza megalítica brutal e creo que se lle está sacando pouco partido».



**Mª del Carmen Codina**  
Xubilada

«Pido traballo para a juventud que viene detrás»

«Lo importante no es que pongan las pensiones más grandes a los jubilados, sino que nos arreglemos todos, sobre todo, que trabaje la juventud y que los políticos no sean tan bordes como son. A mí me preocupa mucho la juventud que viene detrás, no solo la actual, sino los nietos y los bisnietos. Ellos lo tienen más difícil que nadie. Nosotros vamos tirando».



**Fernando García Pardo**  
Político

«Hay que volver a tomar el control de cosas importantes»

«Los gallegos deben volver a ser responsables de sus vidas. Es necesario que la sociedad empiece a decidir por sí misma cómo vivir y cómo trabajar. Volver a tomar el control de cosas importantes como su agricultura, su jubilación, su vivienda o su cultura. Es vital que la sociedad recupere el poder para premiar o castigar a quienes les sirven, en lugar de dejarlo en manos de burócratas».

## Rematar co paro e conseguir traballo digno

**G**ALICIA ten na actualidade unha taxa de paro que supera o 18 por cento, polo que no sorprende descubrir que son moitos os seus habitantes que consideran a falta de emprego como un dos maiores problemas do momento e que pensan que hai que tomar medidas e levar a cabo accións para facer que isto cambie.

Para Xosé Manuel Sánchez Aguión, secretario xeral de CC.OO Galicia, «o elemento principal polo que se fundamenta un proxecto de vida é o emprego, e un emprego de calidade e cun salario

digno», polo que el desexa que o próximo goberno da Xunta de Galicia «teña como elemento central esa recuperación».

Joán José Santamaría, decano do Colexio de Economistas de Pontevedra, considera que hai que dar «un xiro na política económica en favor do emprego e da cualificación profesional» xa que, explica, seguindo o Fondo Monetario Internacional, o Brexit vai «reducir a recuperación do emprego en España en 200.000 postos de traballo».

En materia de emprego, mais centrándose nun colectivo en con-

## Rematar coa discriminación

Non importa o sexo, a raza ou a orientación sexual. O futuro de Galicia pasa por un pobo máis tolerante. Elisabet Pérez, representante de Nós Mesmas, asegura que Galicia «ten que ser sinónimo de riqueza e diversidade polos persoas que aquí vivimos». Pola súa banda, Cristina Palacios, da Asociación Arelas, pensa que hai que seguir «visibilizando e sensibilizando»

creto, no feminino, pensa Sandra Fernández, concelleira de Benestar de Sanxenxo, ó propor unha idea, que cre que é necesario impulsar «un Plan de Emprego Feminino ata fomentar a formación de mulleres nas zonas máis rurais da comunidade».

Mónica Leiros, auxiliar de biblioteca, está convencida de que a mellor idea para o futuro é crear emprego pero non centrándose só nos mozos, senón «promover iniciativas que ayuden a los que han trabajado durante muchos años y, debido a la crisis, se han quedado en el paro».



**José Luis García Meijueiro**  
Xestor de Caracoles do Gallo

«Galicia é unha marca que se vende soa pero hai moito por facer»

«Galicia é unha marca que se vende soa, pero aínda queda moito por facer. O que nos falta é abandonar o caciquismo, o ruralismo e xuntarnos e cooperar máis para desenvolver os proxectos. Os galogos temos que asociarnos, promover as nosas ideas e deixar atrás actitudes clientelares e cerrazón que non vai cos tempos nos que estamos».



**Mª José Álvarez Prada**  
Colexio Oficial de Psicoloxía

«Incluir psicólogos en Atención Primaria e escolas»

«Propoño a inclusión de psicólogos en Atención Primaria, que permitiría dar cobertura ás necesidades de dimensión psicolóxica dos procesos de saúde-enfermidade da poboación neste nivel asistencial. Ademais, que todos os centros de ensino conten con psicólogos para prever e intervir en trastornos escolares e problemas como o acoso escolar ou a violencia de xénero».



**Rosana Peralta Freitas**  
Autónoma

«Solucionar el problema del olor del río Lérez»

«La ciudad de Pontevedra tiene una situación de mal olor debido a las condiciones del río Lérez. Este problema se magnifica en el sector hostelero dado que se trabaja con productos alimentarios y derivados, y no es del agrado de los clientes. Consideramos que es de vital importancia tratar este problema de raíz, para mejorar la calidad de vida de este sector».



**Xavier Bértolo**  
Músico

«Pór infraestruturas do goberno ó servizo da xente»

«A miña idea é tan simple como mudar as condicións materiais de vida, aumentando o gasto social e poñendo as infraestruturas do goberno ó servizo da xente. Por exemplo, promover a cultura non é subvencionar con diñeiro ou facer grandes festivais. Simplemente cedendo espazos públicos para a realización de espectáculos, facilitando locais de ensaio, as cousas mudarán».



**Carmen Pacín**  
Mestra xubilada

«Hay que corregir la falta de valores existente»

«Lo que más me indigna de la sociedad actual es la falta de valores existente. Para corregir esto hay que hacerlo a temprana edad y tanto desde el ámbito familiar como desde el educativo. Se ha instalado en la sociedad una cultura muy peligrosa para el futuro, una cultura en la que no se prima algo fundamental, que es el esfuerzo. Solo se valora la obtención de dinero fácil».